

1

A comunicación A lingua e a súa organización A literatura. Características

Lingua

SABER

- A comunicación
- O significado das palabras
- O son R. O son G. A dírese
- A lingua e a súa organización

SABER FACER

- Comprender e analizar un texto
- Elaborar unha mensaxe cifrada
- Actuar como intérprete

Literatura

SABER

- A literatura. Características

SABER FACER

- Converter un texto en literario

Os seres humanos comunicámonos continuamente. Cando falamos ou escribimos para expresar as nosas ideas, os nosos desexos ou os nosos sentimentos, estémonos comunicando cos demais. E tamén nos comunicamos cando escoitamos a alguén, cando lemos o que escribiron outras persoas ou cando transmitimos calquera clase de información mediante un xesto.

- 1** Fíxate na fotografía e indica que formas de comunicación aparecen representadas nela. Sinala en cada caso se a comunicación é verbal ou non verbal.
- 2** Le o texto e despois explica o que é para ti a comunicación.

A proba do alfinete

El sempre quixera ser detective e nunca perdera a esperanza de chegar a selo. Con todo, a súa vida non puidera programala de acordo coa súa vocación, porque aí había un elemento que non dependía da súa vontade: a súa mamá. O día en que a mamá faltase daríase de alta como profesional e colocaría na rúa un rótulo de letras douradas coma o que tiña na porta do corredor, Ernesto María Loeda Madriñán, Detective Privado. Entre tanto, practicaba con casos que aparecían na prensa.


Con todo, a primeira oportunidade que tivo de entrar de veras nun caso práctico presentóuselle no seu propio edificio. Dous tipos raros con barba instaláronse como inquilinos no terceiro esquerda. Tiñan bo aspecto, de traxe e gravata, e parecían levar unha vida normal, con horarios laborais bastante verosímiles. O seu olfacto de can perdigueiro dicíalle que aqueles paxaros andaban en algo raro. Durante varios días **recadou** datos pola veciñanza. A propietaria do piso, coñecida da mamá, informouno de que eran panameños recentemente chegados e que traballaban como técnicos dunha multinacional da informática.

Unha tarde que coincidiu cos dous supostos panameños no ascensor atreveuse a botar o caldeiro ao pozo, a ver que saía. Eles eran calados ata extremos de descortesía, pero arriscándose a pasar por antipático sacou en limpo os nomes completos, a idade, o posto que ocupaban na empresa e o estado civil. Tiña a certeza de que baixo aqueles nomes seguramente falsos se agachaban dous traficantes de cocaína. Dáballo o corpo. Non cesaría na pescuda ata desenmascaralos e mandalos á prisión.

Un domingo mentres esperaba pola mañá para levar a nai á misa, advertiu, a través dos minúsculos buratiños da caixa do correo, que os panameños recibiran un envío algo sospeitoso. Meteu a man pola estreita boca e conseguiu apalpar unha ou dúas cartas e un pequeno paquete en papel acolchado. Deulle tempo, con todo, de introducir o alfinete da súa gravata por un dos buratiños da caixa do correo con intención de picar o paquete e comprobar, pasando a lingua polo metal, que aquilo tiña o **saibo** ácido e picante da cocaína. Pero non deu furado o paquete; o envoltorio parecía moi duro e o alfinete **esgüfuselle** polo orificio no momento en que a súa nai abría a porta do ascensor.

Esa semana vixiou aquela caixa coa paciencia dun depredador e, unha mañá, mentres os panameños estaban no traballo, ou simulaban estalo, conseguiu pillar tres cartas e unha tarxeta postal. Subiu correndo ao seu santuario con aqueles trofeos, someteu os sobres ao vapor para abrilos e fotocopiou todos os papeis antes de devolvelos ao seu sitio. Logo estendeu as copias sobre a mesa e dedicouse a analizalas con toda a atención.

Despois de meticulosa análise fixo unha descuberta moi interesante. A imaxe da postal, que no orixinal en cores parecía abstracta, revelóuselle na fotocopia en branco e negro como unha serie de signos distribuídos en tres filas con toda a aparencia dun escrito en clave secreta. Ampliou a copia e dedicouse a estudar aqueles signos en profundidade. Viñan sendo algo así:



Sabía que o texto era breve de máis para intentar desvelar a clave, pero de momento, antes de consultar a abundante información que posuía sobre códigos cifrados, xa se podía ir intuindo que aqueles a podían ser vogais, e acaso tamén os e.



recadou: recolleu.

saibo: sabor desagradable que deixa algo.

esgüüuselle: escapoulle.

exultante: que mostra grande alegría.




Despois de cear pasou toda a noite encerrado no santuario intentando descifrar a mensaxe. Co ordenador obtivo 986 textos coherentes cando só levaba examinadas o tres por cento das posibilidades combinatorias. Cumpría ter paciencia.

E non tardou esta en dar o seu froito. Catro días máis tarde, polo mesmo procedemento, obtivo un novo texto cifrado na mesma clave. Era un texto máis longo e permitiría facer grandes progresos. Pero o máis importante é que había un novo paquete similar ao anterior e nesta ocasión, ai, case non o daba crido, a proba do alfinete resultou positiva: un saibo ácido e picante.

Subiu decontado ao seu santuario, **exultante** de gozo, fotocopiou o folleto enteiro e baixou ao portal sen perder un segundo para deixar aquilo no seu sitio antes de regresaren os panameños. A súa alegría transformouse en decepción cando comprobou que, ao contrario do que sucedera da outra vez, a calidade da fotocopia en branco e negro non permitía identificar os signos, tan visibles no folleto orixinal.

Os días seguintes non perdeu de vista o portal e só puido rexistrar a chegada de tres novos paquetes. O sábado apareceu unha nova mensaxe cifrada, tamén desta volta disimulada nun impreso publicitario, e agora non cometeu o erro de non comprobar a calidade da fotocopia antes de deixar o orixinal no seu lugar. Despois pediulle á mamá que non o interrompese por nada do mundo e encerrouse no santuario. Aquel texto, aínda que non tan extenso coma o que lamentablemente perdera, podía ser suficiente. Era o seguinte:



Non durmíu en toda a noite, concentrado sobre a pantalla do ordenador. Ás catro da mañá pareceulle sentir que chamaban ao timbre. Ergueuse do asiento e escoitou durante uns segundos. A casa durmía en silencio. Regresou á pantalla e nun dos resultados das combinacións leu claramente: «*El vecino del segundo / ha vuelto a husmear / en el buzón. / Desháganse de él / antes del domingo. / Dragón!*»

Entón sentiu de novo rúidos estraños e volveu poñer o oído á espreita: un par de portas que se abrían e pechaban, pasos e voces de varias persoas no salón, un berro afogado da mamá, un golpe na porta do corredor e unha voz terrible con acento caribeño, que dicía: «¡Abra inmediatamente!».

GONZALO NAVAZA
Erros e Tánatos (adaptación)

SABER MÁIS



Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) é profesor na Universidade de Vigo, lexicógrafo, especialista en antroponimia e toponimia, e membro da Comisión de Toponimia. Escribe poesía (*Fábrica íntima, A torre da derrotA, Libra...*), narrativa (*Erros e Tánatos...*) e outras obras de difícil clasificación, como o seu dicionario paródico *Elucidario*. Recibiu diversos premios, entre os que destacan o da Crítica Española e o Martín Codax polos seus libros de poesía *Fábrica íntima* e *Libra*.

Comprender e analizar un texto

Obter información

- 1 Responde.
- Como se chama o protagonista? Con quen vive?
 - A que se dedica? Faino dun xeito profesional?
 - En que consiste o primeiro caso práctico?
 - Que descobre tras unha análise da postal roubada?

- 2 Explica o significado destas expresións do texto.

Atreveuse a botar o caldeiro ao pozo, a ver que saía.

Volveu poñer o oído á espreita.


Interpretar o texto

- 3 Cres que estas afirmacións poden ter sentido aplicadas ao protagonista? Explícao.
- É un bo detective. • É un mal detective.
 - É un home arriscado. • É un home indeciso.

- 4 Di o que ocorre en cada escena e explica o que acontece entre estes dous momentos da historia.



- 5 Descifra a mensaxe de acordo co código de signos que manexan os panameños e explica o significado con relación ao que acontece na lectura.



- 6 Marca os adxectivos que cres que lle acaan ao protagonista e razoa a resposta.
- | | | |
|------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> curioso | <input type="checkbox"/> imprudente | <input type="checkbox"/> realista |
| <input type="checkbox"/> insensato | <input type="checkbox"/> precavido | <input type="checkbox"/> inxenuo |

- 7 Localiza as referencias temporais do texto e indica o día da semana e a hora en que remata o conto.

- Observa as referencias e di en que momento che parece que funcionan como meras marcas temporais e en cales como intensificadoras da acción.



- 8 O texto está estruturado en tres partes. Completa o seguinte esquema e escribe, apoiándote nel, un resumo da historia. Despois, ponlle outro título.

Presentación do protagonista e das súas sospeitas.

Un home quere ser detective e sospeita duns veciños do seu edificio...

Acción do protagonista para demostrar as sospeitas.

...

Reacción dos antagonistas.

...

Reflexionar e avaliar



- 9 Opina.
- Como valoras o comportamento do protagonista?
 - Que che parece que revise o correo dos veciños?
 - Cres que se pode investigar a vida de alguén só por ser sospeitoso?

- Coidas que o dereito á información, á investigación, etc. está por riba do dereito á intimidade?
- Cres que as comunicacións por Internet son seguras?
- Que pensas que lle vai acontecer ao protagonista ao final da historia? É xusto?


A comunicación

1 Que é a comunicación?

Na lectura inicial da unidade, o protagonista participa en diversos actos de comunicación. Pero, para transmitir as mensaxes neses actos comunicativos, non sempre se utiliza un código de tipo verbal. Cando o personaxe fala coa súa nai, emprega a linguaxe, é dicir, un código verbal; cando describra as mensaxes escritas, está interpretando un código non verbal.

A **comunicación** é o proceso polo que un emisor lle transmite unha mensaxe a un receptor.

Nun acto de comunicación, que consiste no intercambio de información entre dúas ou máis persoas, interveñen varios elementos: o **emisor**, quen elabora e transmite a mensaxe; o **receptor**, a persoa que recibe a mensaxe; a **mensaxe**, a información que se comunica; a **canle**, a vía ou medio polo que se transmite a mensaxe; e o **código**, o sistema de signos que permite elaborar a mensaxe.



2 O código

Un dos elementos fundamentais da comunicación é o **código**, un conxunto de signos que permite transmitir e recibir mensaxes. As palabras, os xestos, os sinais, etc. que empregamos en cada caso para compoñer mensaxes son os signos que forman os códigos.

Os códigos poden ser verbais ou non verbais. Por exemplo, se nos preguntan se queremos algo e negamos coa cabeza, estamos transmitindo unha información a través dun código non verbal: empregamos un código xestual. Pero, se en lugar diso, contestamos «Non, grazas», estamos utilizando un código verbal.

Tipos de códigos	Signos que os forman	Exemplos
Verbais	Signos lingüísticos: palabras	Linguas ou idiomas; lingua de signos; Braille
Non verbais	Imaxes, movementos, olores, sons	Xeroglíficos; Código morse; sinais de circulación; sistemas de comunicación dos animais; ...

3 Linguaxe e lingua

O código principal de cantos se utilizan na comunicación humana é a lingua. Unha **lingua** é un código verbal compartido por unha comunidade de falantes. Está integrada por sons e grafías que se combinan segundo unhas normas determinadas, e permítenos expresarnos de maneira oral ou por escrito. Trátase do sistema de comunicación máis potente e flexible que existe, capaz de transmitir mensaxes moi elaboradas e complexas.

A capacidade dos seres humanos para comunicarse mediante signos e, polo tanto, mediante códigos, é a **linguaxe**.

SABER MÁIS

Os códigos dos animais non sempre son acústicos. As abellas, por exemplo, utilizan danzas e movementos corporais para comunicar o lugar e a distancia a que se atopa a fonte de alimento (as flores).

PRESTA ATENCIÓN

Linguaxe e **lingua** son dous conceptos diferentes. A nosa capacidade para comunicarnos a través dun código, sexa do tipo que sexa (verbal, xestual, de movementos, imaxes, etc.), é a linguaxe. A lingua é un dos múltiples códigos que podemos utilizar para poñer en práctica esa capacidade.

Elaborar unha mensaxe cifrada

A criptografía, palabra de orixe grega que significa 'escritura escondida', consiste en elaborar mensaxes con códigos secretos (criptogramas). Para descifrar un criptograma cómpre descubrir a clave do código con que foi creado e traducir cada un dos signos aplicando esa clave.

A continuación, propoñémosche que imaxines que es o protagonista da lectura e que tes que deixar escrita unha mensaxe en que expliques o que descubriches sobre os teus veciños, antes de que estes te eliminen.

Planificación



1 Constrúe a mensaxe que queres transmitir seguindo estes pasos:

- Pensa a mensaxe a partir destas preguntas:
 - Quen vai ser o receptor? Que lle queres transmitir?
 - Que canle vas utilizar?
 - Que código vas empregar para escribir a mensaxe orixinal? É un código verbal ou non verbal?
 - Con que tipo de código vas converter a mensaxe anterior nunha mensaxe cifrada?
- Inventa un código secreto para cifrar a mensaxe orixinal ou utiliza un destes.

Na miña mensaxe, cada letra do abecedario correspóndese cun número; como en galego hai 23 letras, $a = 1$; $b = 2 \dots$; $z = 23$

Na miña mensaxe, cada letra do abecedario correspóndese coa seguinte. Exemplo:
mensaxe = nfñtbfz

- Descifra as seguintes mensaxes, que utilizan os códigos anteriores.

Dbñep dpofabt
b xfsebef, mfxbsbt
vñib tpsrsftb!

7-20-18-19-1-11-5
11-14-9-19-14
5-18-19-5
22-14-7-14

Redacción

2 Escribe a mensaxe orixinal e a mensaxe cifrada. Faino así:

- Redacta en lingua galega a mensaxe completa que queres transmitir.
- Escribe o código que vas empregar para cifrar a mensaxe.
- Converte a mensaxe orixinal en mensaxe cifrada.

Corrección e edición

3 Comproba a eficacia do teu código.

- Intercambiade as mensaxes entre compañeiros e cubride unha ficha coma esta:

O código é: _____ A mensaxe di: _____

- Comproba a partir da ficha se a túa mensaxe se entendeu. Se non foi así, pensa qué debes mellorar.

Actuar como intérprete

Cando dous ou máis individuos se queren comunicar e o código que manexan é distinto, pode intervir unha terceira persoa que domine ambos os códigos e que actúe como intérprete para que se poida establecer unha conversa. Esta situación é moi común nas institucións europeas, onde conviven moitas linguas oficiais. Pero tamén se pode dar, por exemplo, se vas de vacacións a un lugar onde se fala unha lingua distinta da túa, o que pode facer que precisas a axuda dun mediador para que te entendan. Imaxina que un novo compañeiro chega ao instituto e non domina nin o galego nin o castelán. Anímaste a facer de intérprete?

Escoita e analiza



1 Escoita e explica o que ocorre na gravación empregando tantas palabras destas como poidas.

- simultáneo
- literal
- estranxeiro
- traducir
- intérprete
- libre
- código
- significado



2 Le este texto que reproduce en galego parte do que Joe di en inglés. Despois, compárao coa tradución de Breixo e responde as preguntas.

Eu son de Dublín, teño doce anos e vou estudar 1.º de ESO neste instituto. Viñemos vivir a esta cidade porque trasladaron a miña nai, Mary, que é executiva nunha multinacional. Mudámonos todos: miña nai e mais eu; meu pai, que se chama Andrew e é pintor, e Patrick, o meu irmán pequeno, que estuda 4.º de primaria. Creo que habemos estar aquí polo menos dous anos.

- Que erros cometeu Breixo ao facer a interpretación? A que cres que se deberon?
- Fixo unha interpretación moi apegada ás palabras orixinais de Joe, é dicir, literal, ou unha interpretación máis ben libre? Cal pode ser a razón disto?
- Que cres que cambiaría se fose unha tradución por escrito?

3 Que deberían compartir Joe e Breixo para entenderse? Elixo e explica.

- O código
- A canle
- A mensaxe

Agora faino ti

4 Organizádevos en grupos de tres persoas. Un de vós actuará como intérprete entre un compañeiro que fala galego e outro compañeiro que finxirá dominar só un idioma estranxeiro (inglés, francés ou algún outro que os tres coñezades).

5 Marca que tipo de interpretación queres facer e argumenta por que a consideras mellor.

- Farei unha interpretación libre, para que sexa rápida e non interrompa demasiado o ritmo da conversa. O importante é transmitir o contido básico da mensaxe.
- Farei unha interpretación o máis literal posible, aínda que me leve tempo, para estar seguro de que reproduzo con total fidelidade o que a persoa di.


6 Iniciade a conversa e asegúrate, como intérprete, de que as persoas a quen axudas logran comunicarse e entenderse. Despois, cambiade os papeis para que os tres actuedes como intérpretes polo menos nunha ocasión.



7 Comentade entre todos o resultado das vosas interpretacións (se a mensaxe se entendeu, se o intérprete foi rápido...) e os aspectos que se poderían mellorar.

As profesións. O significado das palabras

1 Substitúe en cada oración o verbo *facer* por outro máis preciso.



pintar	esculpir
modelar	escribir
calcetar	deseñar

- Xián fai unha xerra de arxila co torno.
- Alberte fixo unha novela de aventuras.
- Mariña fixo o plano do edificio.
- Roi fixo unha escultura en pedra.
- Sabela está facendo un cadro.
- Uxía fixome un xerse moi suave.

► Relaciona cada nome coa profesión que desempeña.

Xián - Alberte - Mariña - Roi - Sabela - Uxía

tecedeira - escultor - oleiro - arquitecta - escritor - pintora

2 Forma palabras novas relacionando os termos do recadro cos sufixos.

pan - ferro - piano - pintura - eléctrico
chapa - invento - mariño - labrar - xoia

- -eiro
- -ista
- -or

► Explica o significado das palabras novas e escribe dous exemplos máis de cada.

3 Explica o que significan os seguintes refráns.

- Cada oleiro gaba o seu pucheiro.
- Quen ten oficio ten beneficio.
- Na casa do ferreiro, coitelo de pau.
- Traballo feito non mete apuro.
- Costureira sen dedal, cose pouco e cose mal.
- Onde hai patrón, non manda mariñeiro.



O **significado das palabras**. Unha palabra é un son ou un conxunto de sons cos cales nomeamos obxectos, sensacións, sentimentos, accións... Iso que queremos expresar cando dicimos unha palabra é o seu **significado**. Os significados das palabras dunha lingua recóllense no dicionario.

4 Le as seguintes oracións e explica o significado das palabras destacadas.

- Antón é un **lince** para os negocios.
- Sentei no **banco** mentres agardaba a miña vez no **banco**.
- Ese dependente é **amable** e **cordial**; aqueloutro é **arisco** e **desagradable**.

► Contesta.

- Que significado habitual ten «lince»? É ese o sentido con que se usa aquí?
- Que significados ten «banco» na oración? Indica outro significado desa palabra.
- Que relación de significado existe entre «amable» e «cordial» e entre «arisco» e «desagradable»? E entre «arisco» e «cordial»?

O son R. O son G. A diérese

1 O son R

O **r** pode representar un son forte (*río*) ou un son suave (*pirata*).

- Para representar o son do **r forte** escríbese **r** ou **rr**.
 - Escríbese **r** a principio de palabra e a comezo de sílaba se a sílaba anterior remata en consoante. Exemplos: *raíz, enraizar*.
 - Escríbese **rr** entre vogais. Exemplo: *carro*.
- Para representar o son de **r suave**, escríbese sempre **r**. Exemplos: *area, prata, carne, comer*.

2 O son G. A diérese

- Para representar o son G escríbese **g** diante de **a, o, u** e **gu** diante de **e, i**. Exemplos: *gana, gota, gusto, guía, sangue*.
- Ponse diérese (¨) enriba do **u** dos grupos **güe, güi** para indicar que o **u** se pronuncia. Exemplos: *lingüeta, pingüín*.

ACTIVIDADES

1 Completa con *r* ou *rr* segundo corresponda.

- co*eo • is*aelí • ca*ei*a
- sa*abia • xanta* • *ombo
- t*apela • co*e* • en*edo

► Arrodea de azul as sílabas en que o R soe forte e de vermello cando soe suave.

2 Completa con *g, gu* ou *gü*, segundo corresponda.

- Antón é filólo*o e traballa de lin*ista nun proxecto de dicionario trilin*e.
- O parau*as estra*óuseme onte, non conse*in abri*arme nin mi*alla!
- O pira*ista rompeu a pira*a mentres practicaba pira*ismo.
- *ustavo é bo rapaz, pero fai bromas de mal *usto que conse*en molestar.
- A Re*eira dáalle pre*iza er*erse cedo e quedou a durmir no alber*e.

3 Descubre o que agochan estes xeroglíficos.



► Como se escriben as palabras cando van soas? E cando van xuntas?

4 Explica se a pronuncia do *r* é forte ou suave.

- enraizar • nobreza • israelí
- atracar • refresco • reparar

5 Forma palabras que rematen en *-eiro* a partir destas.

- paraugas • carga • adega
- pexego • alugar • regar

► Explica os cambios relacionados coas grafías que tiveches que facer.

6 Completa o texto coas grafías e cos dígrafos que faltan.

O ca*tei*o da Fonsagrada acudía unha vez por semana a Ne*ei*a co fin de traslada*o co*eo. No canto de perco*er a zona, o ca*teiro a*ardaba na tabe*na ata que a de*adei*a ca*ta acababa por ser *ecollida polo seu destinata*io. O único ne*ativo e*a que a Vespa ti*aba cada día peo*, por mor do saco que car*aba. O moto*iño peta*deaba coma se estivese a piques de estoupa*. Todos os veciños er*ían a cabezas nas lei*as, o que facía que se preocupase pola co*ección e a limpeza do unifo*me.

JAUREGUÍZAR, *Casa Skylab* (adaptación)

7 Escóita o ditado e escríbeo no caderno.



A lingua e a súa organización



Claves para empezar

- Le este fragmento da lectura e explica cales son os dous códigos que se utilizan e por que.

Regresou á pantalla e nun dos resultados das combinacións leu claramente: «El vecino del segundo / ha vuelto a husmear / en el buzón. / Desháganse de él / antes del domingo. / Dragón!».

- Selecciona dúas palabras en galego e explica o seu significado. Despois, divide esas palabras en sílabas e en sons.



PRESTA ATENCIÓN

Equivalencia entre sons e letras


A correspondencia entre sons e letras non sempre é idéntica:

- Un mesmo son pode ser representado por unha letra ou un dígrafo: o son K represéntase coa letra *c* e co dígrafo *qu*.
- Unha mesma letra pode representar dous sons, coma o *c*, que representa o son K en *casa* e o son Z en *cereixa*.
- Hai unha letra, o *h*, que non representa ningún son.

1 A organización da lingua. Do son ao texto

As linguas son como xogos de construción: están formadas por un conxunto reducido de pequenas pezas –os sons– coas que podemos construír un número ilimitado de mensaxes.

Unha lingua é un sistema en que atopamos distintas unidades cada vez máis complexas: os sons, as palabras, os enunciados e os textos.



2 Sons, fonemas e letras

Os **sons** –*m, p, s, t, a...*– son as unidades máis pequenas da lingua, coas que se forman as palabras. Son unidades que non teñen significado.


Cando os sons nos permiten distinguir palabras, chámanse **fonemas**. Por exemplo, /O aberto/ e /O pechado/ permítenos distinguir entre *bóla* e *bola*, e /S/, /P/, /Ñ/ entre *masa*, *mapa* e *maña*. En galego hai 26 fonemas: 19 consonánticos /B, CH, D, F, G, K, L, LL, M, N, N velar, Ñ, P, R, RR, S, T, X, Z/ e 7 vocálicos /A, E aberto, E pechado, I, O aberto, O pechado, U/.

As **letras** son os signos que usamos na escritura para representar os sons. O alfabeto galego consta de 23 letras: *a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, x, z*.

3 As sílabas e o acento

Os sons agrúpanse formando sílabas. A **sílaba** é o conxunto de sons que se pronuncian nun só golpe de voz. Unha sílaba pode estar formada por un ou varios sons, dos cales polo menos un ten que ser unha vogal (**a-** *bri-go*).

Na maioría das palabras hai unha sílaba que se pronuncia con máis intensidade: é a **sílaba tónica**; as demais son **sílabas átonas**.



3.1. Tipos de palabras segundo a posición da sílaba tónica

A sílaba tónica dunha palabra pode ser a última (*camión*), a penúltima (*botella*) ou a antepenúltima (*triángulo*).

Segundo a posición do acento, as palabras clasifícanse en agudas, graves e esdrúxulas.

- **Agudas.** Son as que teñen tónica a última sílaba: *papel*, *tirizó*.
- **Graves.** Son as que teñen tónica a penúltima sílaba: *libro*, *dátil*.
- **Esdrúxulas.** Son as que teñen tónica a antepenúltima sílaba: *teléfono*, *catálogo*.

4 Ditongos, tritongos e hiatos

Ás veces, nunha mesma palabra hai dúas ou tres vogais contiguas. Nese caso as vogais poden formar un ditongo, un tritongo ou un hiato.

- Chamamos **ditongo** ao conxunto de dúas vogais que se pronuncian unidas e pertencen á mesma sílaba. Exemplos:

ei-ra

neu-ro-na

au-dien-cia

Para que haxa ditongo, polo menos unha das dúas vogais ten que ser un *i* ou un *u* (vogais débiles).

- Chamamos **tritongo** ao conxunto de tres vogais que se pronuncian unidas e pertencen á mesma sílaba. Os tritongos son pouco frecuentes en galego; a maioría aparece en verbos rematados en *-iar* e *-uar* e no plural de palabras rematadas en *-ial* e *-ual*. Exemplos:

so-ciais

cam-biei

min-guou

- Chamamos **hiato** ao conxunto de dúas vogais contiguas que se pronuncian en sílabas distintas. Exemplo:

frí-o

re-mo-er

a-é-re-o

PRESTA ATENCIÓN



Hiato



co-ro-a

Hiato



ra-i-ña

ACTIVIDADES

- 1 Explica como se organiza a lingua, a través de distintas unidades, para dar orixe a este texto.



A semana pasada celebrouse a 1.ª Feira de Artesanía Galega na nosa vila. Nela participaron oleiros, prateiros, cesteiros, zoqueiros, peleteiros, palilleiras, etc. para promover e vender os seus produtos feitos á man. O público foi numeroso e os traballos expostos, preciosos.

- ▶ Escribe dous exemplos de enunciados, tres de palabras e cinco de sons.
- ▶ Anota no caderno as palabras con ditongo e con hiato e escribe cinco exemplos máis de cada.

- 2 **PARA PENSAR.** Que elementos nos permitirían diferenciar na lingua oral as palabras destes pares? Razona a resposta.

- bóla / bola
- pé / pe
- casar / cazar
- área / area
- abano / habano
- esperto / experto
- sexta / xesta
- ola / hora
- maíar / mallar

- 3 Marca a sílaba tónica das seguintes palabras e despois clasifícaaas en agudas graves ou esdrúxulas.

- parasito
- rúa
- mármore
- dolmen
- albanel
- cambio
- parteluz
- atmosfera
- índice

- 4 Identifica os ditongos, os tritongos e os hiatos.

- recoiro
- acuario
- aéreo
- muíño
- muiñeiro
- asubiei
- caíamos
- reunión
- voou

Lembra

Ao falar de literatura, xeralmente pensamos nun conxunto de textos escritos. Pero a literatura é máis ca iso, pois boa parte dos textos literarios transmitíronse de forma oral. O feito de que non se fixasen por escrito fai que, en moitos casos, exista máis dunha versión destes textos.

A poesía non é unha bomba de chumbo que estoupe nas túas mans.
Non me gustan os poemas *rimbombantes*.
A poesía non é o traxe de noite dos presumidos que visten para parecer máis elegantes.
Non me gustan os poemas *pretensiosos*.
A poesía non é unha arañeira de palabras pensada para esgotarte e adormecerte.
Non me gustan os poemas *aburridos*.
A poesía é o que ti queiras.
A poesía é o que desexas.
A poesía é a liberdade.
Non me gustan os poemas rimbombantes, pretensiosos, aburridos.
Non me gustan.
Non me gustan.

FRAN ALONSO, *O meu gato é un poeta*

poesía: s. f. **1.** Xénero literario que expresa ou suxire algo por medio do ritmo (sobre todo o verso), a harmonía e a imaxe. **2.** Poesía lírica, por antonomasia. **3.** *figurado*. Efecto especial de elevación que é propio da poesía e que se pode atopar en todas as ordes da vida, da natureza e da arte. **4.** Obra ou composición poética, especialmente a escrita en verso. **sin.** poema. **5.** Conxunto dos poemas dun autor, dunha época, dun xénero, etc.

Dicionario da Real Academia Galega

A literatura. Características

1 Que é a literatura

Na literatura, un texto pode comunicar mensaxes diversas: unha historia, un sentimento, un razoamento... Pero, independentemente da mensaxe, o que converte un texto en literario é que nel se fai un uso especial da linguaxe para procurarlles aos lectores un pracer estético.

A **literatura** é unha forma de expresión artística baseada na linguaxe.

A palabra *literatura* tamén designa o conxunto de obras literarias que se escriben nunha lingua –literatura galega, literatura inglesa...– ou nunha época –literatura medieval, literatura actual...

2 A linguaxe literaria

O autor dunha obra literaria intenta sorprender os destinatarios e captar a súa atención utilizando a linguaxe dun xeito distinto ao habitual. Ese uso particular da lingua constitúe a **linguaxe literaria**.

Observa os dous textos situados na marxe; ambos intentan comunicar que é a poesía, pero para facelo utilizan a lingua de forma diferente.

A linguaxe literaria emprega distintos procedementos para embelecer a expresión e comunicar de forma orixinal. Eses procedementos denomínanse **recursos estilísticos** ou **literarios** (podes consualos na unidade 9).

3 Funcións da literatura

A función fundamental da literatura é crear unha obra de arte a través do uso estético da linguaxe. Pero, ademais, a literatura pode cumprir outras funcións que enriquecen a cultura dunha sociedade:

- Pode servir de **fonte de coñecemento** sobre outras épocas ou modos de vida.
- Pode **transmitir** as **tradicións** e os **valores** dun pobo.
- Pode ter unha **función pedagóxica** e comunicar ensinanzas.
- Pode exercer unha **función de compromiso**, cando se denuncian os aspectos negativos dunha sociedade.

Ademais destas funcións, cómpre destacar outra que resulta fundamental: a literatura tamén se define pola súa **función lúdica**, dado que proporciona entretemento e gozo estético a través da palabra.

Habitualmente, nos textos literarios conviven varias funcións. Por exemplo, unha novela ambientada no pasado pode axudarnos a coñecer aspectos históricos (fonte de coñecemento) e transmitirnos unha ensinanza (función pedagóxica) mentres nos entretén (función lúdica).

Reclamo a liberdade pró meu pobo

Na anguria de arandela que te cerca,
nos marcos, portas, fechos, nos durísimos e sen luz
arames, non me torzo e
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos emigrados, nos perdidos, nos presos, nos explotados,
nos que contemplan o devalar das augas [...] nos que combaten e han de se-lo lóstrego
achaiador¹, neles poño a miña lingoa e descanso os
meus ollos
e reclamo a liberdade pró meu pobo.
e reclamo a liberdade pró meu pobo.

X. L. MÉNDEZ FERRÍN,
Con pólvora e magnolias (adaptación)

¹ **achaiador**: que volve algo chan e sen desniveis.

Declaración Universal dos Dereitos das Persoas

A Asemblea Xeral proclama a presente Declaración Universal dos Dereitos da Persoa como ideal común polo que todos os pobos e nacións se deben esforzar, para que tanto os individuos coma as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren o seu recoñecemento e aplicación universais e efectivos.

www.ohchr.org

ACTIVIDADES

- 1 Responde de forma razoada.
 - Que idea común está no fondo dos dous textos?
 - Que sensacións che provoca a lectura de cada un deles?
- 2 A partir do anterior, explica cal dos dous é un texto literario e analiza as diferenzas fundamentais que percibes entre eles. Son sobre todo diferenzas de forma ou de contido?

→ SABER FACER

Converter un texto en literario

Ás veces, a diferenza entre un texto literario e un non literario está, entre outras cousas, no contido que transmite: algo ficcional fronte a algo real. Outras veces, a diferenza entre estes tipos de texto está no modo en que se transmite o contido (linguaxe) ou no obxectivo con que se transmite (informar nun texto non literario, fronte a entreter nun literario, etc.), pois a mensaxe é practicamente a mesma. Propoñémosche que, a partir dun texto non literario, escribas outro que si o sexa e que teña basicamente o mesmo contido ca o primeiro. Para facer este exercicio podes seguir os pasos que se indican a continuación.



- 1 Selecciona unha noticia do xornal (texto non literario) que relate un suceso. Vas narrar a mesma historia que a noticia recolle, pero dun modo literario.
- 2 Ten en conta que os textos literarios procuran causar determinados efectos no lector: conmovelo, conciencialo sobre algo, ensinarlle algo, etc. Decide cal é o obxectivo principal que persegues co teu texto.
- 3 Escribe o texto prestando atención aos seguintes aspectos:
 - Debes introducir algún elemento imaxinario, a carón dos feitos reais: algún personaxe inventado, un acontecemento novo...
 - Tes que coidar a linguaxe: podes xogar co significado das palabras e coa orde en que relatas os feitos para crear diferentes efectos (tensión, misterio...).

O sogro vello e a nora

Era unha vez un velliño que tiña un fillo casado na casa. A nora era moi roñona e sempre lle estaba falando mal ao home de seu pai, ata que o convenceu de levalo ao asilo.

Cando ían polo camiño adiante sentáronse a descansar nunha pedra, e o vello dixo:

–Deus me valla, como son as cousas! Nesta pedra tamén sentou meu pai cando eu fun levalo para o asilo!

Entón o fillo púxose a cavilar e pensou para si: «Non vaia ser que mañá o meu fillo me faga a min outro tanto!».

E volveu para a casa co pai.

E desde aquel día tratárono a corpo de rei.

POPULAR



Memorias dun neno labrego

No verán ando descalzo. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha¹ para espetáreme nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir cogando. Cando amañece xa me doen o lombo e as pernas. Pero o día comeza.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ao pé do lume. Contos de neves e lobos. Murnas², feridas, dedos sen tentos.

Que saben disto os nenos da vila!

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

XOSÉ NEIRA VILAS, *Memorias dun neno labrego* (adaptación)

¹brocha: cravo curto.

²murnas: manchas que se forman na pel por achegarse moito ao lume.

A letanía¹ de Galicia

GALICIA da dor	chora	á forza
GALICIA da tristura	triste	á forza
GALICIA do silencio	calada	á forza
GALICIA da fame	emigrante	á forza
GALICIA vendada	cega	á forza
GALICIA tapiada	xorda	á forza
GALICIA atrelada ²	queda	á forza

sabemos que ti podes ser outra cousa

sabemos que o home pode ser outra cousa

UXÍO NOVONEYRA, «A letanía de Galicia» (adaptación)

¹letanía: ladaíña.

²atrelada: suxeita ou atada cunha corda.

Conxugación

A miña primeira
persoa
do singular
deixou
de conxugar
o verbo sentir
para unirse
ás vosas
e crear o plural
dunha conxugación
fermosa:

«nós sentímonos».

A. GARCÍA TEJERO,

As palabras están a mirarse arredor da mesa

ACTIVIDADES

- Indica cal é o contido destes textos. Despois, explica de forma razoada que funcións cumpre a literatura en cada un.
- Sinala que textos presentan unha lingua máis afastada da que usamos na vida cotiá. A que cres que se debe iso?
- Procura información sobre o que é unha ladaíña e localiza algún exemplo. Despois, explica que elementos do poema de Novoneyra lembran a forma das ladaíñas.
- Analiza o texto de Neira Vilas e responde.
 - Cres que o protagonista vive na época actual?
 - Que podemos saber do tempo e do mundo en que vive a través deste fragmento?

Sssssh

O seu traballo era facer calar. Levaba o índice aos labios e facía «ssssh», dicindo «por favor» coa ollada.

Traballaba na biblioteca había xa dez anos, mantendo o silencio entre a xente, e pasaba oito horas ao día sen dicir nin unha palabra. Ás veces, cando alguén non atendía o «ssssh», facía «chiss» ou tusía; ou facía «ehem», ou «um!», ou «ouh», ou «o-ó», negando coa cabeza; ou, moi poucas veces, daba unha palmada xorda para chamar a atención.

Ás veces alongaba o «ssssssssssssssshh», por exemplo nas visitas infantís; outras, chegaba un autoritario «sh!» para facer calar a quen fose.



Para dar exemplo, cando se comunicaba coa xente da limpeza ou co resto do persoal, ou cos visitantes máis asiduos, ao saudar chiscaba un ollo, ou abríaos moito erguendo as cellas, ou levantaba a man, ou apertaba os labios estirando o pescozo, ou elixía calquera dos acenos do seu código, que fora elaborando día a día no silencio.

Cando se metía na cama, escribía as palabras pronunciadas: os días máis faladores, unhas trinta ou corenta; ningunha, ou dúas ou tres, a maioría.

SÉCHU SENDE, *Made in Galiza* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 A protagonista deste texto desenvolveu o seu propio código para comunicarse cos usuarios e visitantes da biblioteca.

Responde.

- Trátase dun código verbal ou non verbal?
- Que tipo de signos compoñen ese código?

- 2 Indica que outro código manexa a bibliotecaria na súa vida cotiá e contesta.

- Que canle mencionado no texto utiliza con este código?

Linguas fáciles ou difíciles?

Unha lingua é fácil ou difícil para quen? O que é certo é que os que cualifican unha lingua de «difícil» non son xente especialmente inclinada a aprendela: son persoas comodamente instaladas no uso dunha soa lingua e séntense inquietos se ao seu redor hai xente que fala unha lingua diferente da súa.

Linguas difíciles? Agora veremos unha ben difícil. A lingua chinook (do río Columbia, nos Estados Unidos) caracterízase polo seu altísimo grao de síntese; tanto, que nela funcionan as palabras-oración. Velaquí unha: *iniáludam*, que quere dicir: 'vin para darllo a ela'. Moi difícil? Preguntádello a un falante de chinook: diravos que somos nós os que nos complicamos a vida innecesariamente. Para o falante nativo non hai linguas difíciles. Quero dicir que aínda non se demostrou que os nenos chineses ou alemáns tarden máis en falar ca os nenos galegos, casteláns ou franceses. É preciso que admitamos que a «dificultade» dalgúñas linguas é só unha pantasma creada pola presenza constante da

lingua que para nós é «fácil» e «clara». E que todas as linguas son, para os seus falantes, as súas linguas.

JESÚS TUSÓN, *Mal de linguas* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 Analiza o contido do texto e responde.

- En que se diferencian a lingua galega e a chinook: na canle ou nos signos que utilizan? Xustifícao.

► **PARA PENSAR.** Cres que todas as palabras dunha lingua se poden traducir? Razona a resposta.

- 2 Indica que fai que unha persoa considere unha lingua fácil ou difícil.

- 3 Explica se pensas que as ideas sobre as linguas (que algunhas son mellores, máis fáciles, etc.) teñen que ver coa súa forma ou cos prexuízos das persoas.

NIVEL I




1 RESUMO. Copia e completa o resumo destes contidos da unidade.

- As unidades máis pequenas da lingua son os . Outras unidades máis complexas serían .
- Os sons significado e na escrita represéntanse por medio de . Cando nos permiten diferenciar palabras chámanse .
A sílaba é . Nunha palabra hai unha sílaba , que . O resto das sílabas son . Segundo a posición da sílaba , as palabras poden ser , graves e .
- A literatura é unha arte baseada . Un texto literario pode cumprir varias funcións: .




2 ESQUEMA. Copia e completa o esquema.



3 Le o seguinte texto e responde.

Na primeira páxina había unha inscrición manuscrita. Debía ser moi antiga, pois a tinta aparecía bastante borrosa. Como aquel era un exemplar de segunda man, supuxen que sería unha dedicatoria escrita polo anterior propietario e apresureime a lela. Era,



simplemente, unha estúpida advertencia aos posibles lectores. Decía así: «Non lea este libro. Pécheo inmediatamente e esquézase del. Se o le sufrirá as terribles consecuencias».

MILAGROS OYA, *O dado de lume* (adaptación)

- Quen é o emisor e o receptor da mensaxe entre comiñas?
- Que código e que canle se empregou para transmitila?

► A novela *O dado de lume* constitúe tamén unha mensaxe. Identifica neste caso o emisor e o receptor.

4 Procura no texto anterior: 2 palabras agudas e 4 graves con ditongo; 4 palabras esdrúxulas; 4 palabras graves que conteñan un hiato; 1 palabra con dous ditongos; e 1 palabra monosílaba que conteña un ditongo

- Explica que sucedería se o termo «sufrirá» pasase a ser grave. Que alteración se produciría no seu significado?
- Localiza unha palabra que, ao mudar de esdrúxula a grave, pasa de substantivo a verbo.

5 Forma unha palabra a partir de cada grupo de sons.

A continuación, escribe un enunciado con cada termo.

- icob →
- rbilo →
- aelrt →
- luza →
- ado →
- maepo →

6 Os seguintes adxectivos teñen un significado próximo.

negro

escuro

mouro

moreno

► Indica se *negro* e *moreno* son intercambiables no enunciado *Iria ten o pelo moreno e vai cun vestido negro* e explica por que.

► Escribe un enunciado en que *escuro* e *mouro* sexan intercambiables.

7 Le con atención estes textos e responde.

Como a cunca escachou, o leite estaba derramado polo chan da cociña.



O branco leite, doce, espeso, escorregaba paseniño polas baldosas coma neve derretida.

Bebe saúde, bebe leite!

- Cal destes textos é literario? Por que?
- Cal ou cales fan un uso especial da lingua?
- Di en que contextos poderías atopar estes enunciados.

NIVEL II

1 Le o seguinte texto e contesta.

Houbo unha vez un neno xordomudo que amaba un camelo. O neno chamábase Kori, aínda que non o podía saber porque non oía nada. Vía mover os beizos a seus pais, a seus irmáns e a todos os que coñecía, mais non era capaz de traducir aqueles movementos a ningún son. Pero vía que os seus labios se abrían, se poñían redondos, e decontado aparecían os seus dentes. El era, por tanto, Labios redondos, Boca estirada: Ko-ri.

Kori pensaba que os camelos tamén falaban, porque movían os beizos coma as persoas. O movemento das mandíbulas e dos beizos, ruminando, facíalle crer que os camelos dicían palabras.



GONZALO MOURE, *Palabras de Caramelo* (adaptación)

- Que código empregan as persoas para comunicarse con Kori? Cales son os signos que o integran?
- Que tipo de signos percibe, en cambio, Kori?
- Que código comparten Kori e o camelo?

2 As persoas coma Kori desenvolven o seu propio código para comunicarse.

Responde.

- Con que nome coñecemos ese código? É un código verbal? Procura información sobre el e escribe un pequeno texto en que describas como funciona.
- Coñeces algún código verbal que non empregue sons?

3 Identifica nas seguintes palabras os hiatos, os ditongos e os tritongos que haxa.

- saír
- saíamos
- iguais
- autovía
- papagaio
- triunfo

4 Explica se o texto sobre Kori é literario e xustifica a resposta.

- ▶ Que funcións cres que cumpre este texto? Pensas que o autor o escribiu só para entreter os lectores ou que tiña algún outro obxectivo? Explica.

5 Os textos literarios distínguense, entre outras cousas, polo uso especial que fan da lingua.

Procura dous exemplos de textos en que se empreguen recursos estilísticos e que non pertencen ao mundo da literatura.


- ▶ Que cres que se pretende conseguir con ese uso particular da lingua? Que efectos causa no receptor?




LINGUA E FALA

As contraccións da preposición *a* e da conxunción comparativa *ca* coas formas masculinas do artigo determinado *o* e *os* pódense representar na escrita como *ó / ao, ós / aos* e *ca o / có, ca os / cós*, respectivamente. Pero debes ter en conta que, malia poder representalas así, é obrigatorio pronunciar en todos os casos con *o* aberto: [ó, ós, có, cós].

Así se fala!

**1**  Escoita a gravación e despois le correctamente e en voz alta estes enunciados.

- Ao principio non me gustaba o mel, pero agora afíxeme ao seu sabor e préstame mellor ca o azucre, e co queixo está boísimo.
- Ao saírmos do colexio, iamos todos ao pavillón de deportes. Uns adestrábanse máis forte ca os outros e non acababamos todos ao mesmo tempo.
- Fun xogar aos birlos co meu irmán, pero os dous temos un nivel moi inferior ao teu, aínda que bastante mellor ca o de Martiño.
- Dáselles máis mérito ao ouro e á prata ca ao ferro: por iso antes lles pagaban aos traballadores con estes materiais.

2  Escoita a gravación e escribe os enunciados fixándote nas contraccións.

O nome das cousas

–Tentarei explicarvos como comezou todo isto e para iso teremos que ir cara atrás no tempo. Na miña memoria vive aínda un tempo en que os seres humanos tiñamos unha forma de comunicación moi primaria, por xestos e sons sen significado fixo nin definido. Era unha época difícil porque non era doado entenderse e daquela os conflitos só se solucionaban con violencia ou silencio.

–É como aquela vez que nos fixeras pasar unha hora da clase só falando con xestos?

Que esperta é esta Lela.

–Exacto! Iso era precisamente o que vos quería facer ver: o difícil que resulta comunicarse cando non temos un acordo sobre o que significan os símbolos. Por exemplo, se eu quero algo e non sei como pedircho, o único remedio que teño é quitarcho, non si? –vexo que me van seguindo–. E iso pode parecer nos mal, non hai forma de expresar as nosas intencións, nin os sentimentos, nin nada. Realmente é unha situación ben complicada. Eu aparecín na época en que os seres humanos caeran na conta de que o mellor sería utilizar algún código común para identificar cada cousa. Isto é o que se chama linguaxe referencial.

–Unha linguaxe que? –Alba, coma sempre, deixa saír con forza a súa curiosidade.



–Referencial, isto quere dicir que as palabras identifican cousas do noso medio. Por exemplo, unha persoa ve unha planta e necesita nomeala, entón crea unha palabra. É a linguaxe que se refire a cousas que están ao noso arredor. Logo iso vai evolucionando, porque as persoas fomos capaces de ir vendo, por exemplo, que as estacións se repiten coma ciclos, e entón puxémoslles nomes. E tamén había necesidade de indicar outras cousas, como accións: facer, estar, dar, coller... Os lugares: enriba, abaixo, adiante...

–Quere isto dicir que podemos inventar palabras como nos pete? –Alba semella emocionada ante esta idea.

–Pois a verdade é que si, en principio. Claro que agora xa son moitos séculos de evolución das linguas, e teñen as súas normas... xa non vos é tan doado.

MARÍA REIMÓNDEZ, *O monstro das palabras* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 Responde as seguintes preguntas a partir da información do texto.
 - Que significa «linguaxe referencial»?
 - Que tipo de código empregaban os humanos antes da aparición desa linguaxe? Que signos o integraban?
- 2 Explica esta afirmación da mestra: «o difícil que resulta comunicarse cando non temos un acordo sobre o que significan os símbolos». A continuación, contesta.
 - Que ocorrería se cada persoa asociase a mesma palabra a significados diferentes?
 - Consideras necesario que as linguas teñan normas?
 - Podemos seguir inventando palabras segundo nos pareza, como propón unha das alumnas? Por que?
- 3 A mestra é o personaxe principal do texto. Escribe outras tres palabras que sirvan para nomear esta profesión.
- 4 Indica con que significado se emprega o verbo *petar* na seguinte secuencia do texto: «podemos inventar palabras como nos pete?».
 - ▶ Escribe unha oración utilizando o mesmo verbo, pero con outro significado.
- 5 Identifica que relación de significado existe entre estas palabras do texto: «complicada» e «doado».
- 6 Procura no texto os seguintes elementos.
 - Un enunciado que conste dunha única palabra.
 - 8 palabras graves cun ditongo e unha con dous.
 - 3 palabras graves con hiato.
 - 3 palabras agudas con ditongo que teñan polo menos tres sílabas.
 - 4 palabras esdrúxulas e un monosílabo con ditongo.
- 7 Analiza as funcións deste texto literario. Que outros obxectivos cumpre, ademais de entreter?